

RECIBO DE PRESENTACIÓN EN EL REGISTRO ELECTRÓNICO DE LA XUNTA DE GALICIA

La solicitud, escrito o comunicación para Solicitud electrónica genérica presentada por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA con NIF [REDACTED] tuvo entrada en el Registro Electrónico de la Xunta de Galicia con los siguientes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	FECHA Y HORA DE LA PRESENTACIÓN	DESTINO
2026/449716	17-02-2026 10:50	DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

La siguiente tabla incluye un resumen electrónico de la solicitud, escrito o comunicación presentada y, en su caso, un índice y un resumen electrónico de la documentación que se declara presentar:

Documento presentado	Nombre del archivo	Resumen electrónico del archivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitud	Solicitud-PR004A-20260217.pdf	F89C630916AE640F27B1C656413E7FA5B236758AFF6B 2913B560EF376054C49B
PREVENCIÓN- FILTRACIÓNS AUGA EDIFICIO XUDICIAL LALIN	DEN.ASIN. FILTRACIÓNS AUGA XULG. LALIN FEB. 2026.pdf	663D232F00BF19463041D52166ED73D25E50C79888F5 67CD0EFB73A604358B3A



DIRECCIÓN XERAL XUSTIZA

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar – Pol.Fontiñas

15781 Santiago de Compostela

D. José Tronchoni Alber

Por medio da presente, poño en coñecemento que, como consecuencia das condicións meteorolóxicas adversas rexistradas nos últimos días, producíronse filtracións de auga na parte superior do edificio dos Tribunais de Instancia de Lalín, afectando ás dependencias xudiciais.

Que para paliar provisionalmente a entrada de auga colocáronse cubos no interior das instalacións para recoller as filtracións, medida claramente insuficiente e impropia dunha administración pública, ao non constituír unha solución técnica nin definitiva.

Que igualmente se observa que na terraza do edificio as baldosas que se colocaron son inadecuadas, sen selado nin recheo dos ocos entre elas, circunstancia que pode estar relacionada co orixe das filtracións. Así mesmo, a devandita terraza carece de varanda ou elemento de protección axeitado, situación que xa aparece recollida no informe emitido polos técnicos de prevención de riscos laborais en decembro de 2025, no que se advertía expresamente desta deficiencia e do risco asociado á mesma, sen que ata o momento se teña procedido á súa corrección.

Que resulta inadmisíbel que o personal de mantemento teña que acudir periódicamente a comprobar o estado dos cubos colocados, ante o risco de desbordamento da auga, evidenciando a ausencia dunha actuación estrutural seria.

Que esta administración xa mostrou con anterioridade a súa propensión a adoptar solucións provisionais ou “chapuzas”, sen resolver os problemas estruturais de maneira definitiva, sendo tal o caso no seu día da Audiencia Provincial de Pontevedra, entre outros exemplos, o que evidencia un patrón de actuación inadecuado que resulta preocupante para a seguridade do persoal e do público.

Por todo o exposto, e en base a lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, **SOLICITAMOS:**

- Que se proceda con carácter urxente á avaliación técnica das deficiencias existentes no edificio.

- Que se adopten as medidas necesarias para a reparación estrutural definitiva das filtracións e da terraza, incluíndo a instalación dunha varanda conforme á normativa vixente.
 - Que se informe a esta organización sindical das actuacións realizadas.
- Se achegan fotografías que documentan e acreditan os feitos descritos, formando parte integrante da presente denuncia.

